

Margarida - Eirís de Arriba - A Crúma 13 de febreiro de 1953.

Dr. D. César Abujar
París

Meu bon e nobre amigo:

Onte tiver unha grande satisfacción de que che quedo sendo. Xaniño Naya pasou a tua carta a Leandro, que no presente é tesoureiro da Real Academia Gallega; e Leandro amostroumme a mim; que son un labrego barchoán, pois innda que na aldea vivo non habro a terra, senon que folgo, xa como de traballar con me facer rico. As gemnias e coitas sofridas, que non foron poucas, tiráronme o bot e a pacencia para sufrir xugos e ficeoidas dos explotadores dos grobes; polo que, tan logo que cheguei a cumprir a idade regramentaria, (65 anos), para a xubilación voluntaria, pedín en un retiro; e aquí me tes, no Alto de Eirís - quizáis o millor beltrís do conto da Crúma - isolado do mundo, nunha pequena, mas linda casupa, que puiden erguer despois de moitos anos de traballos e privaciós para chegar a ela. Mas deixémonos d'isto e tornemos a tua estimada carta.

Estimada, si; pois nela vin duas cousas que moito me grazen: unha, que innda te lembran de nós co apreio dun bon amigo; outra que non desbotache o nobre propósito de que xa fai tempo ténme falando o teu fillo Xavier. Por certo que naquela ocasión escribinte falando no asunto, mas non tiver resposta; e como daquela non estaba o forno para habo, non insistín. Non é que oxe o coredoiro sexa mais xeitoso, pero con todo gozemos intentalo. É un nobre e patriótico laboro que te propoós. Temos que edair a bretema, que fixeron facer embullando a nosa terra con brigoas, os mais dos poetas e escribidos que dela se ocuparon. Siqun, coma en todas partes, temos de todo. Hay chor micas e hai xeitos temperados e mentes desgentas; ti ben o sabes. Nesta terra dáuse grinos de cerne brando que deitan recina e xemen abalados pol-a mais manna bris; pero temos tamén bidueiros de pebeza aromosa cando se queima; ameneiros de pan bon para zocos e para eixes de carros; sanguiños, que ao espebezar tinguense de sangue; e bruxos, tocos e carvallos de cerne duro cos que se fan bon entadullo ou fungueiros, que poden empregarse ben sabes en qué.

Fixeches ben non te dirixindo a Academia nun rogo que non sería atendido; pois cobrado entendes o que son os centros oficiais. Nós, de todo corazón secundaremos a tua santa idea e faremos canto posidamos. Mandarémoste o que desear e fides, en canto nos sexa posible. Aquí nada se pode emprentar; costa moi caro e hai moito baixío que fai manfrazor as dormas e os patochas. Foi algun tempo quixen dar ao prelo un tominio de inocentes versos, e ao cabo dun ano de xestió infrutuosas desistín. O amigo Gonzalo López Abente, dende foi un ano agarda innda pol-a licencia para imprentar un libro de poetas; non sei se causará demante que o corriga.

É polo de agora abonda. Conta con nós. En baixo ponco a Crúma; Leandro ven todos os domingos pol-a miña casa e falaremos do asunto, nos poñendo de acordo con Naya. Buscaremos as poetas que queres e chás mandaremos. Ogallá acertemos so que ti desear!

Recibe unha forte e garimosa aperta do teu vello amigo

Podes, se queres, me escribire a Academia, innda que non seas académico; ou a esta tua casa:

Margarida
Eirís de Arriba
A Crúma.

Dime si queres as poetas en gallego ou tamén en castelán.

César Abujar

*For un frío que tollo;
a letra e o carbon son caros;
e a distribución entre gallegos
máster.*